

Concello de Mugardos
(A Coruña)

18/2021. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 24 DE NOVIEMBRE DE 2021.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as dezanove horas e trinta e un minutos do día 24 de novembro do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 27.10.2021 (16/2021).

55 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido, dado que ningún concelleiro/a solicita a intervención no presente punto da orde do día, sométese o asunto a votación.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 27.10.2021 (16/2021).

2.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2021-1200.

1 min 12 s: Polo sr. Alcalde dáse conta da resolución da alcaldía número 2021-1200.

O Pleno da Corporación dáse por informado da resolución da alcaldía que de seguido se indica:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2021-1200, de 18.11.2021**, sobre “Avocación da competencia pola alcaldía para a anulación da licitación do expediente de contratación das obras de ampliación da rede municipal de abastecemento de auga





Concello de Mugardos
(A Coruña)

potable no Vilar (Franza) e na Rúa Yáñez Badía, incluídas no POS Adicional 1/2019. Expte. 490/2021”.

3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 2021-1081 Á 2021-1201, AMBAS INCLUSIVE.

1 min 21 s: Polo sr. Alcalde dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións que van dende a número 2021-1081 á 2021-1201, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 2021-1081 á 2021-1201, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os, dende o anterior pleno ordinario.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

1 min 35 s: Polo sr. Alcalde dáse comezo á quenda de rogos e preguntas, e dado que polos/as señores/as concelleiros/as non se teñen formulado preguntas no prazo establecido polo sr. Alcalde dáse a palabra a aqueles concelleiros/as que queren formular rogos, comezando os mesmos cos rogos formulados pola sra. Ruiz del Ganso.


1 min 58 s: Pola sra. Ruiz del Ganso fórmulase un rogo relativo á posibilidade de ampliación do prazo para canxear os vales e as facturas das axudas ao ensino e o transporte.

2 min 42 s: Polo sr. Fernández Fernández fórmulase un rogo no que solicita que se leve novamente a comisión o referente á construción, dentro do proxecto da senda Franza-Rilo, dun muro na curva da Fontegrande, aos efectos de que polos grupos municipais se formulen propostas ou de que se lles informe si se estudou algunha solución que supoña un mellor impacto visual e estético.

4 min 22 s: O sr. Alcalde intervén para dicir que o do muro, tal e como está no proxecto, xa tivo unha exposición pública por parte da Xunta de Galicia e que non se fixeron alegacións, polo que unha vez aprobado o proxecto non se pode dicir agora que o proxecto se modifique.

5 min 11 s: O sr. Fernández Fernández reitera que xa tiñan advertido desta situación en tempo e forma, pero dado que polo que informa o señor Alcalde xa non se pode modificar o proxecto, habería que valorar as posibles alternativas que existen para que ese muro teña un impacto visual moito mellor e máis estético.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

6 min 07 s: O sr. Alcalde intervén para dicir que mirarán o tema do muro.

6 min 14 s: O sr. Martínez Bardanca formula un rogo no que solicita que se presente a Conta Xeral, dado que é a forma que teñen de comprobar se o goberno está a levar as contas correctamente, tendo en conta que ademais tense que presentar o expediente do orzamento proximamente. De seguido, formula un rogo relativo a que os temas se leven as comisións con carácter previo a que xa estean pechados para que así se poida discutir sobre os mesmos e incluso aportar, polos grupos da oposición, as súas opinións e as súas propostas.

8 min 45 s: O sr. Mahía Prados intervén para informar de que antes de que remate o ano vai a estar convocada a Comisión Especial de Contas para levar o tema da Conta Xeral, expediente da Conta Xeral no que unicamente falta o informe de fiscalización de intervención, informando, así mesmo, de que a proposta de orzamentos está practicamente finalizada, e dado que só falta retocalos polo tema da redución de ingresos en concepto de IAE, que se vai a ter durante o vindeiro ano, esperan poder presentar nos vindeiros días o borrador de orzamentos.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás dezanove horas e corenta minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (audio-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<https://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=37>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
68bfce964593baf309624d09c5ab1c1361e73ebff27685861358502e5720e3e3

Vº e praxe
O ALCALDE

